| CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.  | Participa activamente nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica.  |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> |
|---|---|-----------|
| CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.   | Recoñece situacións perxudiciais para o medio natural.                                  |           |
| CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.   | Interpreta mensaxes sinxelas emitidas por outras persoas.                               |           |
| CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.  | Recoñece hábitos saúdables e actúa en coherencia con eles.                              |           |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.   | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.                      |           |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.   | Amósase prudente ante determinados riscos e segue as normas establecidas.               |           |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.  | Segue os hábitos e normas básicas para o autocoidado e colabora no coidado da contorna. |           |
| CA3.5 - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Adáptase positivamente aos distintos tempos das rutinas e da xornada.                   |           |
| CA3.6 - Expressar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.    | Pode expresar oralmente o vivenciado a través das distintas linguaxes.                  |           |
| CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.  | Resove autónomamente os problemas que xurden no día a día.                              |           |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.  | Realiza grafismos libremente así como seguindo consignas específicas.                   |           |
| CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.                           | Participa en actividades nas que emprega a lingua escrita.                              |           |
| CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.  | Diferencia algunas profesións da súa contorna e o que significan.                       |           |
| CA4.4 - Relacionarse de maneira assertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interaccionan nas súas rutinas diárias e nas súas actividades cotiás.  | Interacciona cos seus compañeiros/asde maneira axeitada nas actividades cotiás.         |           |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándolas como sinais de identidade.  | Participa con entusiasmo en festas ou tradicións, da escola e da contorna.              |           |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA |
|---|---|----|
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes más relevantes.  | Recoñece algúns elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego.  |    |
| CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.  | Amosa unha actitude pacífica e positiva cando hai que resolver un conflicto no que está implicado.                  |    |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.                                | Amósase contento/a cando participa en actividades culturais da contorna.  |    |
| CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.  | Visita a zona de biblioteca de maneira voluntaria e coñece e segue as normas de uso.                                |    |
| CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria. | Participa nos diálogos derivados da escucha ou lectura dun conto.   |    |
| CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.  | Pode expresar que emocións e opinión lle xenera unha obra artística.  |    |
| CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.   | Identifica e discrimina sons procedentes de diferentes contextos.   |    |
| CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.  | Participa con entusiasmo e unha actitude activa nas actividades musicais e de expresión corporal.                   |    |
| CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.  | É respetuoso coas aportacións e producións dos compañeiros.   |    |
| CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.      | Realiza obras plásticas partir de creacións feitas noutras linguaxes.   |    |
| CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.  | Axusta e coordina os seus movementos aos dos compañeiros e ao espazo nas distintas propostas de expresión corporal. |    |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.   | Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.   |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> </ul> |

## Contidos

- Comunicación interpersonal: empatía e assertividade.
- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escucha activa, quendas de diálogo e alternancia.
- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidad, número e graffía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Construcción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Estratexias de construcción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a assertividade respectuosa cara aos demais.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Aceptación construtiva de errores e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersonais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.

## Contidos

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Os seres vivos e as súas características.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números,
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.

## Contidos

- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Respecto polas producións alleas.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>   | <b>Duración</b> |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 6         | Movemos o noso corpo. | 35              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> |
|--|--|-----------|
| CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.                                     | Expresa vivencias, opinions e emocions nos diálogos e asembleas.     |           |
| CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento                         | Progrresa na evolución do equilibrio e a corrdinación de movementos. |           |
| CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións                                | Manifesta confianza en sí mesmo cando participa nas propostas.       | TI        |
| CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz | Presenta unha boa fluidez de movementos e control corporal.          |           |

| Criterios de avaliação  | Mínimos de consecución  | IA |
|---|---|----|
| CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas            | Amosa autonomía de acción cando participa en xogos.   |    |
| CA2.2 - Manifestar sentimientos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.                  | Participa nos xogos cunha actitude de seguridade e con iniciativa.  |    |
| CA4.4 - Relacionarse de maneira assertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diárias e nas súas actividades cotiás.                                       | Presenta unha actitude positiva e assertiva na súa relación cos compañeiros nas distintas propostas.                |    |
| CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.   | Manifesta unha actitude de escucha activa discriminando e identificando sons.                                       |    |
| CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.   | Amósase motivado e con interese á hora de expresar co corpo e participar en danzas.                                 |    |
| CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demás e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.   | Axusta e coordina os seus movementos aos dos compañeiros e ao espazo nas distintas propostas de expresión corporal. |    |
| CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas. | Expresa co corpo diferentes sensacións que percibe a través doutras linguaxes.                                      |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos (control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos) co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.</li> <li>- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.</li> <li>- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.</li> </ul> |

## 4.1. Concreciones metodolóxicas

Con respecto á área de Comunicación e representación da realidade:

Fomentaranse as múltiples potencialidades comunicativas a través das diferentes linguaxes.

Teremos sempre en consideración o deseño de situacions de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos, significativas e contextualizadas, que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos e materiais propios de cada unha.

O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás, xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea e da súa realidade máis próxima.

Basearémonos nun enfoque constructivista, que permita a construción de coñecementos a partir do que o neno e a nena xa saben e por medio de difetentes estratexias, acadar unha restructuración dos esquemas cognitivos orixinais de modo que se incorpora o descuberto.

Con respecto á área de Crecemento en harmonía:

Buscarase potenciar no alumnado o máximo desenvolvemento axustándose ao seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacions de aprendizaxe motivadoras. Estas situacions educativas promoverán a observación, a manipulación e a exploración e vivenciación dos nenos e das nenas desenvolvendo aspectos motrices que faciliten o avance na súa autonomía, tanto nos movementos coma nos desprazamentos, tomando conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do esquema corporal.

Polo tanto deseñaranse contextos e experiencias de aprendizaxe que promovan e faciliten o movemento e a vivenciación corporal e espacial, a través da música, o baile, a danza, a expresión corporal, os xogos e os estímulos sensoriais.

Con respecto á área de Descubrimento e exploración da contorna:

Deseñaranse ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades e que potencien a motivación e as metodoloxías activas aproveitando a curiosidade innata do noso alumnado por descubrir e explorar o mundo que o rodea.

As principais ferramentas de traballo para desenvolver axeitadamente os procesos de razoamento lóxico e o método científico serán as nocións matemáticas, espaciais e temporais , a curiosidade, a resolución de retos e busca de solucions e a promoción de actividades manipulativas e sensoriais, sempre contextualizadas, partindo de coñecementos e experiencias previas e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado.

Faranse desde un enfoque coeducativo e que teña en conta o respecto ás emocións, propias e alleas.

Promoveremos actitudes activas de sensibilidade cara o medio ambiente, integrando hábitos de vida sans e sostibles , así como unha perspectiva divulgativa, crítica e afectuosa respecto aos elementos identitarios da propia cultura, fomentando o respecto hacia outras.

Ademáis teremos en conta os seguintes aspectos:

- Deseñaranse propostas, experiencias e actividades adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado nas que prime a exploración e manipulación de diversos materiais, e a creación persoal con diferentes e variados materiais tanto da contorna como elementos de refugallo, que se reutilizarán.

- Deseñaranse dinámicas e actividades individuais, de parella, grupos e de gran grupo, fomentando as propostas colaborativas e cooperativas.

- Propiciarase ó acceso a información a través de diferentes recursos e soportes e a posibilidade de traducción do descuberto a través de diferentes linguaxes e formas de comunicación e expresión.

-Partirse da emoción para propiciar a implicación do alumnado e aprendizaxe significativa, facilitando así que establezca as necesarias conexións neuronais e aprenda dun xeito ameno, dinámico e con garantía de levar a cabo transferencias a outros contextos.

-Buscarase sempre a máxima autonomía do alumnado, cun papel activo propiciando a súa iniciativa na resolución dos problemas da vida cotiá que se orixinen na escola para poder implelantalo noutrous contextos.

-Crearase un ambiente alfabetizador na aula, con todo tipo de recursos que propicien, a expresión e verbalización de ideas e emocións, estados de ánimo e necesidades que xurdan, así como o interese pola escucha de narracións, por querer ler e saber e unha boa conciencia fonolóxica.

-A organización espacial será acorde para levar diferentes e variadas propostas, para propiciar a súa autonomía de acción e movemento e para garantir momentos e actividades de calma e tranquilidade.

- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal e sempre dende unha maneira responsable.

Tendo en conta que no grupo aula contamos cun alumno con NEAE, organizaranse as sesións, propostas, experiencias tendo en conta estas necesidades, adaptándoas o máximo posible para dar cabida á súa participación e aportacións, e coa maior normalidade posible. Tenderase a planificar e deseñar experiencias e dinámicas grupais, potenciando o valor do grupo, da colaboración, axuda e cohesión.

## **4.2. Materiais e recursos didácticos**

| <b>Denominación</b>   |
|---|
| Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet, proxector e pizarra dixital da aula de psicomotricidade, conexión a internet, cámara de fotos.   |
| Material funxible: convencionais e non convencionais.   |
| Material sensorial: mesa de luz e material variado.   |
| Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, libros de aula feitos polos nenos, libro dos compañeiros, libros feitos pola titora (para aula e para NEAE).   |
| Material visual: carteis, bits, láminas de vocabulario, tarxetas de memory e parellas, tarxetas de números e letras, paneis de rutinas, paneis de encargado, murais rexistros.  |
| Material curricular: currículum, pxa, udis, artigos e publicacións sobre prácticas educativas, revistas educativas, guías didácticas, libros educativos.  |
| Material artístico: ceras duras, ceras brandas, rotuladores, témpora de cores, cola branca, plastilina, elementos de refugallo, títeres, esponxas, rodilllos, papeis e cartóns de todo tipo, globos, material para estampar, xices de cores, tixeiras, cola, pinceis, teas, acuarelas, alimentos (arroz, pasta, pan raiado, lentellas....). |
| Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, teas, conos, picas, cordas, balóns, táboas de equilibrio, zancos, aros, colchonetas,....  |
| Material non estruturado: elementos de refugallo (rolos papel hixiénico, rollos celo, tapóns, cartóns, oveiras) , elementos naturais (cunchas, follas, cortezas, castañas, landras, millo, ...), material sensorial (mesa de luz e material variado).   |
| Material de xogo simbólico.   |
| Instrumentos musicais e materiais sonoros variados.   |
| Material de lóxica-matemática e manipulativo; puzzles, dominós, tarxetas de números, serie numérica, regletas, bloques lóxicos, pezas de simetrías, metades, encaixes, pezas de construción.  |
| Material para iniciación lectoescritura; libros de aula dos nomes de compañeiros, de animais, tarxetas de vocabulario, sobres de montar palabras, paneis.   |
| Material da aula de psicomotricidade: colchonetas, pelotas, cordas, ladrillos, aros, raquetas, zancos,m bancos, espello....   |

## 5.1. Procedemento para a avaliação inicial

A avaliação inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso e proporcionará información sobre as competencias do alumnado e as necesidades do grupo e permitirá a posterior planificación do proceso de ensino-aprendizaxe.

Se levará a cabo a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas e das interaccións cos compañeiros.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.

Permitirá saber de que punto partimos con cada neno e nena e co grupo así como facilitar, con respecto á atención á diversidade, a identificación temperá das necesidades educativas no alumnado e a aplicación das medidas que se consideren necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra.

### Criterios de recuperación:

Non resulta de aplicación nesta etapa

## 6. Medidas de atención á diversidade

O grupo de Infantil 1 conta con un alumno de 5º de EI de NEAE e o grupo de Infantil 2 conta cun alumno diagnosticado con autismo.

Con respecto ao alumno de NEAE, requerirá dun traballo específico da área de comunicación coa mestra de AL, aínda que a comezos de curso sótase unha evolución notable. A mestra de Pedagogía Terapéutica traballará con el varias sesións semanais para reforzar aspectos traballados en aula, e para facilitar a interiorización de determinados conceptos e contidos. Así mesmo unha coidadora do centro apoiará na aula en determinadas de sesións da xornada (o que permita o seu horario segundo o resto de necesidades do centro) dando prioridade aos momentos de rutinas de entrada e saída, merenda, hixiene e baño (xa é moito máis autónomo) así como na sesión de psicomotricidade.

Con respecto ao alumno diagnosticado con autismo, acude a terapia fóra do centro unha sesión semanal e requerirá dun traballo específico da área de comunicación, debido a que ten pouca lingüaxe e bastante inintelixible. A mestra de Audición e Linguaxe traballará individualmente con el varias sesións semanais e a mestra de Pedagogía terapéutica tamén levará a cabo varias sesións semanais de traballo individualizado para facilitar a súa interiorización de conceptos así como a concentración e atención para levar a cabo determinadas propostas. Así mesmo unha coidadora do centro apoiará na aula en determinadas de sesións da xornada (o que permita o seu horario segundo o resto de necesidades do centro) dando prioridade aos momentos de rutinas de entrada e saída, merenda, hixiene e baño (xa é moito máis autónomo) e nas sesións de psicomotricidade.

Ás reunións iniciais que se levan a cabo coas familias e educadores (xa que é un alumno de centro de día) acudirán tanto a titora como as mestras de AL e PT e a orientadora/or se o consideran necesario.  
 Se marcarán uns obxectivos iniciais que se irán revisando en función da súa evolución.

A comunicación coas familias e co centro de día será moi fluida e continua, para facilitar na maior medida posible a máxima coordinación e coherencia pedagóxica nas pautas de actuación que se establezan.

Con respecto ao grupo:

Será primordial a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características personais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da lingüaxe, razonamento, atención,etc).

Tamén destaca a finalidade compensatoria, debido ás condicións socio familiares de gran parte do alumnado, a maioría de centro de día, e sobre cuias familias se leva a cabo un seguimento e un asesoramento en cuestións relativas a hábitos e rutinas así como hixiente, sono...

En moitos destes hogares apenas existe un ambiente alfabetizador que desde a escola tentaremos suplir coas nosa biblioteca de aula, a asistencia á biblioteca do centro, a actividade das mochilas viaxeiras así como partir en moitas das ocasións da escucha de contos e dar un tempo para a expresión das súas vivencias, emocións e opinións.

Adecuaremos sempre a estructura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuando tempos, rutinas e espazos en base ás súas necesidades fisiológicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adecuar a programación didáctica, realizando unha interpretación flexible do currículum axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, e facilitar diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumnado.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC utilizando diferentes apps para estimulación da lingüaxe, o razonamento e a atención.
- Promover as interaccións continuas co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara e concisa, con frases curtas.
- Secuenciar as tarefas, con apoios visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Deseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH se son idóneas para o alumnado Tea.
- Primar o esforzo e non o resultado, adoptando un enfoque emocional.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempe desde un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais,etc).

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Afectividade e xestión das emocións.                         | X    |      | X    |      | X    | X    |
| ET.2 - Educación para o consumo responsable.                        |      |      | X    |      | X    |      |
| ET.3 - Educación para a igualdade de xénero e a non discriminación. |      |      | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.                       | X    |      | X    |      | X    |      |

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.5 - Convivencia e relación social               | X    | X    | X    |      | X    | X    |
| ET.6 - Educación para a saúde; hábitos de hixiene. | X    |      |      |      | X    | X    |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                                    | Descripción  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Visita de familiar ou persoa allea ao centro  | Nalgunha das unidades invitaremos a algún familiar ou persoa allea ao centro para que nos fale sobre aspectos que estamos a traballar  |          | X        |          |
| Contacontos na escola                         | Na semana do Libro ou en calquera outro momento do curso escolar que xurda invitaremos a familiares do alumnado a contar un conto. Tamén o propio alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria será animado e asesorado para levar a cabo contacontos en actividades como o Nadal ou os apadriñamentos lectores na semana do Libro. |          | X        |          |
| Conmemoracións e festas na escola             | Participaremos en todas as propostas, experiencias e actividades que a comunidade educativa planifique para conmemorar diferentes datas do curso escolar   | X        | X        | X        |
| Obradoiros no centro escolar                  | Participaremos en obradoiros que xurdan ó longo do curso escolar nos que se traballen calquera dos elementos transversais do currículo: revitaliza, mindfulness, alimentación e saúde,...  |          | X        | X        |
| Proxectos medioambientais                     | Se poderá participar en proxectos baseados no coidado e defensa da natureza.   | X        | X        | X        |
| Saídas pola contorna e á cidade de Pontevedra | Levaranse a cabo todas aquelas saídas que nos permitan complementar e conectar coas propostas que se están levando a cabo nas aulas. Ademáis de para asistir ao teatro, o museo, o mercado, o casco vello...   |          | X        | X        |
| Saída de fin de curso                         | Acxtivididade lúdica e de convivencia para despedir o curso escolar.   |          |          | X        |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico                          |
| Deseñáronse actividades adecuadas para todo o alumnado.   |
| A temporalización das Udis e das diferentes actividades e experiencias foi axeitada ou foi preciso facer modificacións. |

|   |
|---|
| Os instrumentos de avaliación empregados foron axeitados e eficaces.  |
| Os elementos curriculares planificados estiveron presentes nas actividades levadas a cabo.  |
| <b>Metodoloxía emplegada</b>  |
| Promoveuse o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades de pensamento.   |
| Leváronse a cabo suficientes propostas e dinámicas cooperativas entre o alumnado.   |
| <b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>   |
| Os recursos empregados para cada proposta foron suficientes, axeitados, cumpriron os obxectivos perseguidos.  |
| A organización espacial resultou axeitada para promover os diferentes tipos de actividades: recantos de xogo, momentos de traballo, propostas en gran grupo e de movemento. |
| <b>Medidas de atención á diversidade</b>  |
| Adaptáronse axeitadamente as actividades para o alumnado con NEAE.  |
| <b>Clima de traballo na aula</b>  |
| O clima creado na aula foi axeitado para fomentar a calma e a resolución de conflictos pacíficamente.   |
| <b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>   |
| A coordinación entre todos os membros do equipo docente que imparten clases en Educación Infantil foi suficiente  |
| Fomentouse desde o equipo de Infantil a participación e colaboración das familias do alumnado   |

**Descripción:**

A través dos seguintes indicadores se avaliará o proceso de ensino e propia práctica docente para acadar unha optimización e mellora do proceso de ensino aprendizaxe do alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Mensualmente levarase a cabo un seguimento a través da aplicación Proens.

Ademáis, en cada reunión de ciclo do equipo de ciclo de infantil, as titoras valorarán a posta en práctica das udis e actividades complementarias así como a coordinación entre as dúas aulas de Educación Infantil.

**9. Outros apartados**